A vaca como metáfora en galego

PEDRO BENAVENTE JAREÑO
XESÚS FERRO RUIBAL
Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias "Ramón Piñeiro"
Santiago de Compostela

Ofrecemos aquí, deprovista de todo o aparato crítico por evidentes imperativos de espacio, unha parte do noso *Refraneiro Galego da Vaca* (Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias "Ramón Piñeiro", en prensa) no que estudiamos 1.471 refráns distribuidos conforme ós seguintes conceptos:

> **1.** *Denominacións segundo a idade.* **2.** *Exterior.* **3.** *Características.* **4.** *Fisioloxía.* **5.** *Reproducción.* **6.** *Patoloxía.* **7.** *O gando e o gandeiro.* **8.** *O pastoreo.* **9.** *O trato.* **10.** *Aproveitamento dos productos da vaca.* **11.** *Crenzas, crenzas erróneas e supersticións.* **12.** *Prognósticos meteorolóxicos.* **13.** *Calendario.* **14.** *A vaca como referencia.* **15.** *Outras cousas.*

Hai xa anos que un veterinario e un filólogo xuntámo-las nosas forzas para realizar un estudio exhaustivo do campo semántico da vaca e o campo resultou xenerosamente fértil, porque recollemos e estudiamos (contando variantes dialectais) máis de 10.000 palabras, miles de refráns, cantigas populares, adiviñas e mesmo rastreámo-la presencia dos bovinos nos relatos galegos de tradición oral.

Na presente colaboración ofrecemos ós lectores de *Paremia* o apartado 14 no que os bovinos converten algunha das súas características en metáfora da vida humana, xa que con frecuencia a intención dun refrán transcende con evidencia o seu uso recto.

As 789 fontes de información do noso *Refraneiro Galego da Vaca* reflecten todo o territorio galego e nelas, naturalmente, recollemos canto atopamos xa publicado verbo deste tema.

Non é posible elencalas aquí todas, aínda que queremos destaca-lo *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de Eladio Rodríguez González (1958, 1960 e 1961. Vigo: Galaxia) que contén 11.363 refráns que xa apareceron ordenados tematicamente no *Refraneiro Galego Básico* (X. Ferro Ruibal, 1987. Vigo: Galaxia).

Sen embargo polo seu volume e calidade temos que resalta-la consulta dun *Refraneiro Galego*, inédito. Trátase da obra monumental (máis de 40.000 refráns) de Vicente Llópiz Méndez, que premiada pola Editorial Bibliófilos Galegos en 1954, custodia a biblioteca do Museo de Pontevedra, onde Filgueira Valverde a dirección do Museo e a familia do autor nos facilitaron a consulta. Actualmente prepara o Consello da Cultura Galega a edición crítica que merece esta obra que contén valiosas glosas e un caudal léxico no que aparecen non poucos *happax legómena*.

Para quen queira un máis detallado elenco bibliográfico da paremioloxía galega, remitimos ó prólogo do *Refraneiro do mar* de Clodio González Pérez (Edicións do Castro, Sada).

A decisión de no alongar innecesariamente levounos tamén a suprimir variantes simples (*A vaca... / á vaca...*) nas que só hai variacións sintácticas, ou a simplificar outras variantes engandino tralo signo "/" a diferencia.

Actualizámo-la ortografía pero conservamos variantes dialectais (*astra, i...*), vulgarismos e influencias doutras linguas (neste último caso marcámolas co cursiva. *Dios*). Suprimimos tamén, como dixemos, todo o aparato crítico.

Queremos salientar que dentro da ordenación temática, buscámo-la alfabética. E dentro da alfabética aínda reagrupamos variantes, seguindo o método de Llópiz, que nos parece que logra unha máis completa visión de conxunto.

Para aforrar espacio, utilizámo-la abreviatura r. (refrán).

Ser boi ou ser vaca

Cando o trigo é louro, é o barbo un touro[1].

Cando o trigo é/está louro, o barbo é coma un touro.

Cando o trigo xa vai mouro, está o barbo coma un touro.

O barbo é coma un touro cando o trigo está louro.

Criado en casa probe é boi en casa rica.

Iste mundo éche unha feira de tolos.

O demo é unha vaca e non hai quen a munxa.

Abuso

Ara o boi pra que outros (bois) coman[2].

Boi galego, que decrúa o monte pra o proveito alleo.

Do coiro alleo, boas piallas se fan.

Non áte-la boca ó boi que traballa[3].

Non lle ates a boca ó boi que anda arando.

O boi come a palla e os ratos o millo.

ó boi escornón non lle faltou unha cornada[4].

Alternativa evidente

Se non é boi, é vaca.

Aparencias

Boi fermoso non é pró traballo[5].

Non todo o que ten pelica é pegureiro.O boi morto vaca é[6].

O boi sen cencerro perde posto.

ó boi vello, chocallo novo[7].

ó boi vello, xugo novo.

Se queres ser rico, calza de vaca e viste de fino.

---

[1] Este é un r. galego mal traducido por Hernán Núñez que o transformou en *Cuando el trigo está loro, es bravo, como un toro.*

[2] Llópiz cita ó P. Feixoo e os versos da famosa anécdota atribuída a Virxilio ***Sic vos non vobis fertis aratra boves.*** Conta Donato na vida de Virxilio (18) que despois dunha noite de auga apareceu escrito nas portas do pazo de Augusto este dístico:

> ***Nocte pluit tota; redeunt spectacula mane:***
> ***divisum imperium cum Iove Caesar habet.***
> *Esta noite chove seguido; pero mañá volven os espectáculos, que Cesar comparte o mando con Xúpiter.*

Disque Augusto quixo saber de quen eran aqueles versos que o comparaban ó deus do raio e do trono; e disque un tal Batilo, poeta de segunda clase, dixo que eran del. Eran de Virxilio. Este incomodouse pola apropiación indebida, volveu ó lugar e escribiu:

> ***Hos ego versiculos feci. Tulit alter honores:***
> ***sic vos non vobis...***
> *Estes versiños fixenos eu pero outro levou a sona: así vós pero non para vós...*

Deixou así a cousa incompleta para que aquel poetastro, se tanto sabía, rematase o hemistiquio. Batilo non soubo. E Virxilio rematouno deste xeito tan orixinal:

> ***Sic vos non vobis nidificatis, aves.***
> ***Sic vos no vobis vellera fertis, oves.***
> ***Sic vos non vobis mellificatis, apes.***
> ***Sic vos non vobis fertis aratra, boves.***
> *Así vós, paxaros aniñades pero non para vós (en beneficio voso). Así vós, ovellas, producídela la pero non para vós. Así vós, abellas, criáde-lo mel pero non para vós. Así vós, bois, tirades polo arado pero non para vós.*

O Sic vos non vobis, de que fala Llópiz, aplícaselle ás realidades, coma o Sil e o Miño, nas que un fai o traballo e outro leva a sona e mailo proveito. No caso do r. que nos ocupa o boi ademais ten a condición de galego que é na literatura (popular ou culta) castelá e portuguesa o prototipo de quen traballa moito pero sen que o seu país reciba o beneficio do seu esforzo.

[3] Na E. Espasa (s.v. *buey*) coméntase que quen traballa ten dereito ou necesidade de alimentarse máis ca quen folga.

[4] Díselle ós que abusan dos outros e un día alguén lles para os pés cun bo disgusto.

[5] Gonzalo Correas explica este r. diciendo que *llaman buey hermoso al hombre de buena presencia, flojo, sin obras.*

[6] En matando o boi ou o touro, a carne véndese como de vaca. Sen embargo tamén se usa co senso de minusvalora-lo inimigo despois de que está morto, porque a quen eventualmente se lle ten medo é ó boi, non á vaca. Saco y Arce dá outra explicación: *Se dice cuando una disputa versa sólo sobre nombres.*

[7] Llópiz engade que é irónico coma o cast. *A la vejez viruelas.*

Aproveita-la ocasión
Cando che dan o almallo, acode co barazo.
Cando che dean a xatiña, acode coa cordiña.
Cando che digan "Colle a vaca", corre coa baraza[8].

Avareza
A carne no teito e a fame no peito.
A carne no teito e o corpo no leito.
A muller cociñeira, coma o boi, se non come antes come despois.

Colaboración
Un boi non fai máis que un ronsel[9].

Compañas
O que anda cos bois a escurrutar deprende.
O que cos bois anda, a turrar deprende.

Consecuencias
Boi morto, cornos quue non turran/trucan/escornan[10].
Comíchesme a carne, róeme os ósos.
O que come a carne, que roia os ósos.
Quen comeu a carne, que roa o óso.
Do coiro che han de saír as correas, inda que ti o non creas.Do coiro hanche de saír as correas.
Dunha vaca sai un becerro.
O boi que máis traballa, máis axiña creba.

Constancia
Andar, andar, que o rabo está por esfolar[11].
¡Animo tripas, que está un corno a cocer!

Control da natalidade
Familia, a que Deus dea; e gando, o que se pida manter[12].

Desexo
Quen bois perdeu, chocallos se lle antollan[13].

Desgracia
Morreume o boi, morreume a vaca e quedou o demo na casa.

Diferencia
-Pois...-Vacas non son bois[14].

Dificultades
Non hai carne sen óso.
Non hai preito que non se arregre nin corno que non se enderite.
Non se sabe o que pesa a carne mentras non o di a romana.
Onde menos se coida, atólanse os bois[15].
Onde menos se pensa, atólase a parella.

Discreción
¡Deita palla ó boi, Gonzalvo, deita palla ó boi![16].

Educación dos fillos
De becerro verás o boi que terás.
De pequeniña verás a vaquiña que terás.
De pequeniña verás qué vaquiña terás.
De pequeniño verás o boi que terás.
De pequeniño verás qué boi terás.
De pequeno conocerás qué boi terás.
De pequeno verás o boi que terás.
De pequeno verás qué boi terás.
De piquiniño verás qué boi terás.
De xatiña verás a vaquiña que terás.
De xato verás qué boi terás.
O boi que terás, de tenreiro o verás.

Envexa
A vaca da miña veciña come menos herba e dá máis leite cá miña[17].
A vaca da miña veciña, con agua dá leite para todos.
A vaca da miña veciña dá máis leite cá miña.

---

[8] Llópiz di que cadra co cast. *Cuando te den la vaquilla acude con la soguilla* e co latín ***Suscipe cum sacco, quando tibi dona ferantur*** que quere decir *recolle cun saco cando che dean de balde.*

[9] *Ronsel é* aquí o rastro que van deixando as pisadas do boi; alude ó principio de que a colaboración mellora o esforzo individual.

[10] Este r. úsase como exclamación cando desaparece un problema que preocupaba; coma quen di *¡Un problema menos!*

[11] *Esta-lo rabo por esfolar:* dise do asunto no que falta moito por facer e ainda o máis duro e difícil.

[12] Velaí un r. precursor da *Humanae Vitae* do papa Paulo VI.

[13] Cando desexamos moito unha cousa, o propio desexo engánanos facéndonos pensar que é boa de conseguir.

[14] Este r. funciona como resposta automática a quen deixa no aire unha expresión baleira de significado (*pois...*), mentres agarda que lle veña á idea algunha outra cousa que dicir.

[15] Creemos que este r. di que moitas veces os bois entérranse nunha lameira que non se vía e coa que non se contaba, aludino a que as desgracias aparecen cando menos un as espera.

[16] Llópiz di que equivale a dicir *fai as túas cousas e non te preocupes de máis nada.*

[17] Trátase dun r. antigo que xa usaban os poetas latinos: ***Quodque aliena capella gerat distentius uber, tabesco*** (Horacio: *consúmeme que a cabriña allea teña o ubre máis grande*) e ***Vicinumque pecus gradius uber habet*** (Ovidio: *A grea allea ten ubre máis grande*). Saco y Arce comenta: *Eterno malestar del corazón humano que jamás se satisface con lo que posee. Por eso Garcilaso ponderaba la dulzura de la fruta del cercado ajeno.*

A vaca da miña veciña dá mellor leite cá miña.
A vaca da miña veciña dá o leite máis branco cá miña.
A vaca da veciña sempre dá máis leite cá miña.

Estado

Vaca de moitos ben muxida e mal mantida.

Experiencia

Cada un fala da feria según lle foi nela.
Cada un trata do que mata.

Fatalidade

¿E dempois? - Morréronme as vacas, quedáronmeos bois.
Estoupa o gado co último bocado.
Tarde ou cedo o gando vai prá corte ou pró cortello.

Fraude fiscal

Quen come a vaca do rei, a cen anos paga os ósos.
Quen vaca do rei come, cen anos lle paga os ósos[18].

Gratitude

O boi correndo vén ó chamado de quen o mantén.
Ó boi vello dálle mantenza e darache a pelexa.

Gregarismo

Onde vai o chocallo vai o fato.
Onde van os carros, van os bois.

Humor

A falta de carne, bo é o pan.
A falta de carne, bos son polos e touciño.
A falta de vaca, bos son os polos con touciño.
A vaca da miña veciña, con auga dá leite para todos.
Atinou o boi a mexar no cacho[19].
¡Benia á tallada que trae outra engarrada!
Carne sin óso non é pra probes[20].
Crouco pelado, ¿quen te pelou que nin pelo che deixou i a cachola en queixo che trocou?
Dá *Dios* moas ó que non ten talladas.
Dá *Dios* pan a quen non ten dentes e a quen dentes ten dálle leite.
Dá *Dios* talladas ó que non ten dentamia.
De coiro alleo, boas piallas[21].
Do coiro alleo, boas piallas se fan.
Mozas loucas e por casar, mal gando é de gardar.
Mozas tolas e por casar, é mal gando de gardar.
Nin bois á noite nin muller á lus da candeia[22].
Non hai mal que por mal non veña, morreume a sogra e pareume a vermella.
O crego de Albarellos ten máis touras cós seus novelos[23].
O que deixan a coresma i as feiras de san Lucas, dígao a Incrusa[24].
¡Arriba, putas, que aí veñen as San Lucas!
O que perderu un boi e atopou un xato, xa non perdeu tanto.
Quen perde o boi e atopa o chocallo, xa non perdiu tanto.
Onde non hai bois, limpia estará a corte.
Pra tourear e pra casarse, hai que arrimarse.
¡Que non morran as vacas, que os homes hainos a manadas!
Quen atope tallada de carne, que coma e que cale.
¿Queres leite? - Dille á vaca que cho deite.
Tanto fixo meu pai coa aguillada dos bois que pariu miña nai nove meses despois.
Xurden os chocallos primeiro que os almallos.

Indicios

¿Chincla o chocallo? Logo pasa o gado.
¿Sona o chocallo? Gado vén.

---

[18] Aplicado á declaración da renda: o mal desgravado hai que pagalo ó final e con recargos. Na E. Espasa (s.v. *vaca*) coméntase: *advierte que quien ha sido poco fiel en el manejo de los caudales de los poderosos no se dé por seguro, por mucho tiempo que pase, de que no le residencien y se lo hagan pagar doblado.*

[19] Llópiz: *Se dice cuando alguien hace un trabajo fácil ya conocido por los demás.*

[20] A E. Espasa (s.v. *carne*) comenta *Denota que los ricos y poderosos siempre son preferidos.* E. engade que *carne sin hueso* vén ser *Conveniencia o empleo de mucha utilidad o de poco o ningún trabajo.*

[21] Hai un r. semellante: *Do coiro hanche saí-las correas*, no que se transfire o coiro da vaca ó coiro da propia persoa: se algo queres, halo suar.

[22] O boi á noite parece máis voluminoso do que é *faise máis que é, luce máis do que é, faise moito máis representante* e a muller debidamente iluminada (*á lus da candeia*) tamén parece máis bonita. Tal lles pasa ós mozos que van buscar moza á discoteca. E nesas circunstancias non cómpre mercar nin casar porque pode un levar un bo calote, xa que facilmente nos darían gato por lebre.

[23] *Albarellos* hai varios en Galicia e cremos que aquí simplemente está por razón da súa asonancia con *novelos*.

[24] Alude ás feiras de Mondoñedo.

Indiscreción

Se nos araras cos meus bois, non saberías dos meus doos[25].

Inexperiencia

Xente nova non garda o gado.

Ingratitude

A vaca boa, que dea unha canada de leite pouco importa, si de unha patada a deborca[26].

O boi vello non se chora[27].

Inxustiza

Ara o boi pra que outros (bois) coman.

Liberdade

A boi bravo, corda longa[28].

A gando bravo, corda larga[29].

Boi ceibe ben que se lambe[30].

Boi ceibe ben se lambe / de seu se lambe.

Boi ceibe lámbese como quere.

Boi que está solto anda ben lambido.

Boi solto ben se lambe[31].

Boi solto de seu se delambe.

Boi solto lámbese todo.

O boi ceibe ben se lambe/delambe.

O boi ceibo ben se lambe.

O boi que anda solto ben se delambe.

O boi que está solto, anda ben lambido/delambido.

O boi solto ben/de seu se lambe.

Boi solto de seu se desata.

Onde atan a vaca, alí pasta.

Vacas do monte non ten boi certo[32].

Maldade

Dempois de morto o meu boi, non naza a herba no prado.

ó que co demo traballa, os bois se lle desmandan.

Mulleres

As mulleres entre os homes éche un gado mal gardado.

Mozas loucas e por casar, mal gando é de gardar.

Mozas tolas e por casar, é mal gando de gardar.

Non está a carne no garabato por falta de gato[33].

Solteira sin lume, vaca sin estrume.

Obstinación

Chámesme boi, chámesme vaca, do que son eu ninguén me saca[34].

Que me chames boi, que me chames vaca, do que son eu non me asacas[35].

Oportunidade

Quen chega tarde nin oe misa nin come carne.

Tempo hai de mercar e tempo de feirear.

Vaca que non come cos bois, ou comeu antes ou come despois.

---

[25] Llópiz explica que é o que se lle di ós intrusos que nos chegan *con zalemas al interior de nuestra casa y costumbres* (os andares da casa) *para luego propalarlo.*

[26] Llópiz explica que é así porque se perde o proveito todo e engade: *Tiene este prov. un fondo moral muy sutil y quiere presentar gráficamente, como una sucesión de buenas acciones, puede quedar anulada por una traición final.*

[27] Este r. e os seus similares contradín outro tema do refraneiro que é a vellez dos bois como característica positiva, porque teñen unha experiencia e habilidade que supera dificultades que os bois novos non dan superado.

[28] Cando un é retorcido, hai que deixalo andar.

[29] Alvarez Giménez comenta: *Se aconseja que prudentemente se disimule lo que no puede remediarse al momento, esperando ocasión oportuna para el castigo o corrección.*

[30] Llópiz sinala que existe en castelán (*El buey suelto bien se lame*) e en catalán (*Bou solt se llapa tot*). A veces os bois lamben moito o seu propio corpo e acaban enchendo a panza de pelos que forman unha bola compacta que tecnicamente se coñece co nome de *tricobezoar.*

[31] Rosalía de Castro no seu *Conto Gallego* (publicado por Bouza Brey en *Cuadernos de Estudios Gallegos* II, 6, 1946-1947; pp. 284-294) di

- ¡Lourenzo!, debías casarte, que ó fin o tempo vai andando, os anos corren, e un probe dun home faise vello e cóbrese de pelos brancos antes de que poida ter manta na cama, e aforrar pra unha ocasión; e esto, Lourenzo, non se fai sin muller que teña man da casa e garde o diñeiro que un gana.

- Boi solto, ben se lambe.

- ¡ó vento!, ésas sonche faladurías. ó derradeiro, ¿pra qué os homes naceron si non é pra axuntarse cas mulleres, fillo da túa nai?

Na E. Espasa coméntase que este r. *denota lo apreciable y grato que es ser libre.*

[32] Llópiz explica que, como andan pouco vixiadas, ó mellor cúbreas un macho descoñecido e de pouca calidade.

[33] Dise das mulleres que quedan solteiras e non por falta de pretendentes senón por algunha outra razón.

[34] Llópiz di que é contestación que dan os porfiados cando non dan o seu brazo a torcer.

[35] Llópiz di que se aplica ós que se obcecan e non hai forma de os facer entrar en razón.

Parasitos

"Aramos", dixo a mosca, e estaba no corno do boi.
"Aramos", dixo a mosca ó boi.

Patria e emigración

A vaquiña é de onde pace, non de onde nace.
Millor que onde naces, onde paces.
Con quen paces e non con quen naces.
Non con quen naces senón con quen paces.
Onde paces e non onde naces.

Boi vello ó que se lle troca o palleiro, no novo deixa o pelexo[36].

Cátalle corte nova ó boi vello, que ele deixará o pelexo.
Ó boi vello non lle múde-la corte.

En terra allea, a vaca ó boi cornea.
En terra allea, a vaca ós bois cornea/turrea.
En terra allea astra as vacas turran ós bois.
Na terra allea, a vaca ó boi cornea.
Na terra allea a vaca ó boi turra i escornea.
Na terra allea as vacas escornan ós bois.
Na terra allea pode a vaca co boi.
Na terra estrana a vaca ó boi malla.

O boi bravo na terra allea faise manso[37].
Ó boi bravo trócalle o eido e vírase manso.
O boi bravo, trocándolle a terra, é mudado.
Ó boi bravo trócanlle a terra e vírase manso.

O boi, onde nace, pace.

O boi, onde pace; e o home, onde nace.
O home, onde nace; e o boi, onde pace.

Picardía dos débiles

Becerro manso, mansa a súa nai e a outras catro.
Cuxo mansiño de tódolos tetos mama.
O becerriño manso mama a súa nai e a outras catro.
Pucho mansiño de todas as vacas zuga.

Xatiña menga a tódalas vacas zuga[38].
Xatiño manso zuga á súa nai e mais a outras catro.
Xatiña brava pouco mama.

Faite o morto e deixarate o touro.

Pobres e ricos

A uns mórrenlle as vacas e a outros párenlle os bois.
A uns párenlle o bois e a outros arrebéntanlle as vacas[39].
A us párenlle os bois e a outros amálanlle as vacas.
Hai a quen lle morren as vacas e a quen lle paren os bois.

Cando a vella ten diñeiro non ten carne o carniceiro.

Máis val de vivo cheirar a touro ca de morto a ouro[40].

O boi do pobre máis traballa do que come.
O boi do pobre: o máis traballado e o que pior come.

Onte vaqueiro e hoxe cabaleiro.

Ó pobre, a muller e a gata; ó rico, a pocha e a vaca[41].
Ós pobres Deus mándalles nenos, ós ricos mándalles becerros.
Ós pobres mándalles Deus nenos; e ós ricos, becerros.

Poder e política

Entre bois non hai cornada.

O que está cabe da vaca, dúas veces a mama[42].
O que linda a vaca, cando quer a mama.
O que ten man da vaca, mama sempre que queira.

Paso de boi, dente de lobo e de vez en cando facer o bobo / faise o tolo[43].

---

[36] Llópiz explica que ós animais domésticos, cando son vellos, non é ben cambiárlle-los andares (*adoitos*) porque se axeitan mal ós novos xeitos: boa metáfora dos perigos do desarraigo. Na E. Espasa explícase que non é ben para os vellos cambiar de clima e de alimentación, porque expoñen así a súa vida e saúde.

[37] Na E. Espasa (s.v. *buey*) comenta *En país extraño se procede con más cordura, moderación y templanza, por faltar el apoyo que se tiene en la patria.*

[38] Llópiz define *menga* como mansa (Cf. var. *Xatiño manso*) cita un r. latino ***Vir oboediens loquetur victoriam*** que no texto orixinal (*Pr.* 21,28) ten o senso de *Quen saiba escoitar falará o último*; quere dicir, que quen está caladiño ó abrigo do loureiro é moitas veces quen en fin de contas máis proveito tira dunha situación..

[39] Uns teñen tanta sorte que incluso lles paren os bois (que nunca paren); a outros, en cambio, nin siquiera lles paren as vacas preñadas, que acaban rebentando.

[40] Este r. lémbranos aqueloutro que di *Val máis cheirar de vivo a viño e merda que de morto a incenso e cera.*

[41] Sobreenténdese *parénlles.*

[42] Usase en senso irónico falando da política.

[43] Aconsella este r. *paso de boi* (calma), *dente de lobo* (ter decisión rápida para aproveitar unha oportunidade) e *facelo tolo* (astucia e sagacidade). Consello que sobarda na súa utilidade o reducido mundo da feira e ten aplicación a moitos campos da vida empresarial e política.

Precaución

Abride os ollos, que asan carne.

Cada carreteiro sabe onde garda os seus bois.

Cada labrego sabe onde garda os bois / o gando.

Eu ben sei con que bois aro, e por eso vou con tento.

No niño do can non cáte-lo pan, nin no fuciño da cadela cáte-la manteiga.

Non sexas forneira se tes a cabeza de manteiga.

O leite ó pé da vaca e ¡ollo coa trampa!

Precipitación

Aínda a vaca no pariu e xa lle queremos pór o vitillo ó xato[44].

Inda non me deron a carne e xa me piden os ósos.

Moito madruga Xan de Gadella, moito madruga e ben tarde aparella[45].

Moito madruga Xan da Gardela, moito madruga e tarde aparella.

Muito madruga Xan da Guedella, muito madruga e tarde aparella.

Xan das Guedellas, cedo madrugas e tarde aparellas.

Preferible

Máis quero ser vaca que vaqueiro.

Máis val ser boi do que carro, e aguillada antes do que boi.

Vale máis boi que boiada.

Preguiza

O boi afartado fai cama do rabo.

O boi afarto, déitase no prado.

O boi afartado non pasa o valado.

O boi afartado non proba bocado.

O boi farto anda esparso.

O boi farto paseniño deixa/sal do prado.

O boi farto vai paseniño.

O boi farturado/farto non proba bocado.

O boi ruín escórnase folgando[46].

O ruín boi descórnase folgando.

O ruín boi folgando na corte s'esmouca[47].

O ruín boi máncase na corte[48].

O ruín boi na corte folgando s'esmanca.

O traballo é bo para os bois.

Promesas

Antes falte a palabra na praza que o esterco na corte.

Ó boi cólleselle polas hastas e ó home pola palabra[49].

Ó boi, pola corda.

O boi, pola corda; e o home, pola boca.

O boi, pola corda; e o home, pola palabra.

O boi, pola corda; e o home, pola parola.

O home, pola palabra; e o boi, pola corda.

O home, pola palabra; e o boi, pola corna.

O home, pola parola, e o boi, pola corda.

Proporción

Boi grande, are ou non are.

O boi, grande, are ou non are.

Caga máis un boi que cen anduriñas[50].

Caga máis un boi que cen gorrións.

Caga máis un boi que unha andoriña.

Máis caga un boi que cen anduriñas.

Val máis a cagada dunha vaca cá de cen *golondriñas.*

Máis alampa un boi dunha lambida que a ovella en todo o día.

Máis come o boi que cen anduriñas.

Máis come un boi que cen anduriñas.

Máis arroído fai unha ran no raeiro do que cen bois num lameiro.

Val máis bocado de vaca que catro de pataca.

Resignación

¡A onde irá o boi que non are, xa que arar sabe!

---

[44] Alude ós que dan por realidade o que só é unha ilusión.

[45] *Xan das Guedellas* é personificación do home preguiceiro.

[46] Díselle os que aparentan cansarse (ou se cansan mesmo) por pouca cousa.

[47] Llópiz explica que *esmoucarse* é tronzar un corno, escornarse.

[48] *Mancarse* é unha palabra moi xenérica que non precisa nin o lugar nin a natureza da mancadura. Llópiz coloca este r. á par doutro que di *s'esmouca* (que ten o valor de partir un corno), de onde parece deducirse que el entendeu *mancarse* como sinónimo de *esmoucarse*. Maiormente cando os dous proceden do mesmo informante (A. Abelaira).

[49] Tan suxeito está o home pola palabra que dá, sé é honrado, coma o boi xunguido ou preso polos comos. Moreiras Santiso cita algúns rs. paralelos *Home parlanchín, pra todos mais non pra min, Nin besta de soila herba, nin home de moita verba, ó can e ó paroleiro, deixalos no carreiro.* E tamén cita dúas cantigas recollidas de Ramón Cabanillas.

Pra coller unha lebre / corredoiras apretadas, / pra engañar unha moza / home de poucas palabras.

Home de moita parola / gasta a forza en parolar / e nin fai todo o que di / nin tampouco di o que fai.

[50] Máis ruído mete un inimigo poderoso que moitos pequenos. Tamén significa que un negocio grande rende máis que moitos pequenos.

¿A onde irás, boi, que non labres?[51]
¿Onde irá o boi que non acamboe?
¿Onde irás, boi, que non ares? A Casares.
¿Onde irás, boi, que non ares? Á cortaduría.
¿Onde irás, boi, que non ares? Á macelleira.

O boi turra do arado, mais non é do seu agrado.

O que non teña pra unha vaca, merque unha cabra[52].

Quen perde o boi e atopa o chocallo, xa non perdiu tanto.

Roubar

O que vacas non ten e vende xatiños, de algures lle ven[53].

Ruindade

O boi ruín crece en cornos[54].

Sexo

Deixa a carne un mes, que ela te deixará a ti tres[55].

Máis tiran dúas tetas que dúas carretas.
Tira máis pelo de cu que xunta de bois.

Muller fraca, cona de vaca.
Muller gorda, cu de toura.

Muller gorda, cu de toura.

Suborno

Carreteiro que non unta o carro non sai do camiño.
O que non unta o carro quédase ás veces na corredoira.
Quen o carro unta, ós seus bois axuda.
Quen o seu carro unta, ós seus bois axuda[56].

Traballo

Os pais a xugadas e os fillos a pulgadas[57].

Reparto do traballo

Mentras ande na eira o xugo, que ande na casa o fuso.
Mentras ande na leira o xugo, que ande na casa o fuso.

O boi, pra arar, o paxaro, pra voar; o peixe, pra nadar; e o home, pra traballar.

O boi, pra que are; o home, pra que traballe; e a muller, pra que garde.

O que queira leite, que o munxa.

Turra o boi, turra a vaca, mais pode o boi coa vaca[58].

Un mata e outro esfola.
Us matan e outros esfolan.

Traición

Avisade ó lobo e deixade o gando soilo.

Utopía

Longa ten o boi a língoa, mais falar non pode.

Non se pode fiar e muxir ó mesmo tempo.

Vaidade

Lóuvate, boi, que che a vender levan.

Vaca gabada, á feira con ela.
Vaca gabada, coela á feira[59].

Vaca gabada non enche a canada.

Valentías ridículas

Deica abaixo, sin bois andan os carros.
Pra abaixo, calquera boi turra.

Ó boi morto acañarlle/acáñalle o corno.
Ó boi morto agárralle o corno.
Ó boi morto, agarrarlle o corno.
Ó boi morto, agarrarlle por un corno.
Ó boi morto, collerlle o corno[60].

O que non xungue bois, carro non deborca.

Ó touriño morto gran coitelada.

Xustiza

Mellor quero ver a miña vaca morta, que a xustiza á porta.

---

[51] A. E. Espasa comenta o equivalente cast. dicindo *En todos los oficios y estados hay trabajos que sufrir.*

[52] Cfr. fr. *La chèvre est la vache des pauvres.*

[53] Alude, segundo Llópiz, ós *latarengos* que aquí define como "ladróns de gando". Coidamos que debe ser degradación do nome de oficio en boca dos que *non son da arte*, porque algo semellante acontece con outra denominación (*triquillón*), que para os que non viven dese oficio é sinónimo de trampón despiadado.

[54] A xente de mala caste vaise facendo máis ruín co paso dos anos.

[55] A. E. Espasa comenta que aconsella continencia nos placeres sensuais e ensina que teñen máis forza os malos hábitos que sensuais e ensina que teñen máis forza os malos hábitos que os impulsos da naturaleza.

[56] A E. Espasa (s.v. *carro*) comenta *los obsequios que se hacen en tiempo oportuno conducen indirectamente al buen éxito de lo que se desea alcanzar.*

[57] Porque, mentres os pais traballan duro para teren e aforraren, os fillos adícanse a folgar ou a traballar ós poucos.

[58] Llópiz cita un r. bable *Tuña'l buey, tuña la vaque pero... lle puel buei con la vaque* (sic); e cita tamén o cast. *Cornea el buey, le responde la vaca, pero... puede el buey con la vaca.*

[59] Llópiz explica que hai que aproveita-lo momento de maior aprecio para vendela ó maior precio.

[60] Llópiz explica: *Tiene dos sentidos fig., uno equiv. al castellano A burro muerto, cebada al rabo y el otro representa una irreverencia o destemor hacia quien en vida fue temible enemigo.*